

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **GROVE, O**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

#### *ORDENANZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DO GROVE*

*Expediente núm.: 253/2021*

### **ORDENANZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DO GROVE**

#### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxecto e ámbito**

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o exercicio da venda ambulante dentro do termo municipal do Grove, así como do seu réxime sancionador, de acordo coas competencias atribuídas aos concellos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 54 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, redacción dada pola Lei 1/2010, do 1 de marzo; no Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria; e na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, actividade sometida a autorización administrativa previa.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente en virtude dunha concesión administrativa, que se rexerán pola súa normativa propia.

#### **Artigo 2. Concepto de venda ambulante**

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións ou vehículos-tenda, carriños e outras instalacións de carácter itinerante.

2. Non terán a consideración de venda ambulante as vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral, que se rexerán pola súa regulación propia.

3. A venda directa exercida por parte de agricultores e agricultoras da produción propia sen transformación ou a súa primeira transformación, cuxo produto final estea incluído no anexo I



do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea terá a consideración de actividade agraria e rexerese pola súa propia normativa.

### **Artigo 3. Modalidades de venda ambulante**

A venda ambulante tan só se poderá levar a cabo baixo algunha das seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: é aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, e cunha periodicidade habitual establecida con postos desmontables.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos.

c) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares. Terán esta consideración as actividades de venda ambulante nas festas populares e romarías realizadas no termo municipal.

Os vendedores ou vendedoras que participen nestes mercados ocasionais deberán cumprir todas as obrigas establecidas na presente ordenanza, especialmente a sinalada no artigo 5.4 e, referida á colocación da tarxeta identificativa nun lugar facilmente visible para o público.

d) Venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizadas nas zonas ou lugares determinados.

## **CAPÍTULO II. Das autorizacións**

### **Artigo 4. Autorización municipal**

1. O exercicio da actividade regulada nesta ordenanza desenvolvida baixo algunha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria deberá efectuarse con suxeición ao réxime xeral da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista e da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, estando en todo caso suxeita á concesión previa da licenza polo órgano municipal competente, de acordo co procedemento previsto nesta ordenanza e segundo establecen os artigos 74 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

2. Concederanse tantas autorizacións como postos poidan instalarse na superficie destinada ao exercicio da venda ambulante, polo que o número de autorizacións quedará supeditado ao número de metros dispoñibles en tales espazos.

3. O seu outorgamento é discrecional e estará sometido á comprobación previa polos servizos municipais de que a persoa peticionaria cumpre os requisitos legais en vigor para o exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o que se autoriza a venda.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

4. A autorización seralle outorgada á persoa física ou xurídica titular da actividade, sendo expedidas de forma nominativa as tarxetas identificativas para cada unha das persoas que traballen no posto autorizado que cumpran cos requisitos do artigo 7 desta ordenanza, e habilitará para o exercicio da venda ambulante.

5. A actividade deberá exercela o/a seu/súa titular, se ben a autorización habilitará tamén ao/á seu/súa cónxuxe, aos/ás descendentes directos/as e ás persoas vinculadas a eles/as mediante un contrato laboral.

6. Só se lle concederá unha autorización para un só posto de venda a cada titular, quen deberá posuír o cartón de identificación correspondente, que haberá de ser expedido para o efecto.

### **Artigo 5. Réxime de autorizacións**

1. Correspóndelle ao Concello do Grove determinar a zona de localización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, fóra da cal non se poderá exercer a actividade comercial. En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarrúas, rúas que estorben o paso a locais comerciais, diante dos escaparates, en accesos a edificios públicos ou privados nin en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos e deberase deixar un paso de vehículos entre o beirado do teito dos postos de tres metros como mínimo para a circulación de tráfico rodado no día de mercado, e en ningún caso se poderán instalar os postos de venda fóra dos lugares asignados, agás autorización expresa.

2. Para cada unha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria que o/a comerciante se propoña exercer, deberá solicitar unha licenza, que será outorgada polo Concello. Esta licenza dará dereito a un só posto de venda e só poderá solicitarse unha por cada epígrafe da CNAE (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) que determina suxeición ao IAE (imposto de actividades económicas).

3. Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados. No caso do parágrafo anterior, as persoas interesadas poderán recuperar os elementos retirados logo de aboar o importe dos custos do procedemento de custodia e almacenamento das mercadorías retiradas.

Establécense unha taxa pola retirada de elementos e xéneros de 50 euros e unha taxa de 2 euros por día de custodia.

Así mesmo, faise constar que se poderán retirar os citados elementos e xéneros en horario de 9.00 a 21.00 horas.

4. Os/as comerciantes, durante o exercicio da actividade, terán á vista a licenza municipal ou cartón de identificación expedido para o efecto e un enderezo para a recepción das posibles reclamacións, estando esta á disposición do persoal do Concello ou da Policía Local que a poidan



solicitar, polo que se presumirá que tal licenza non existe de non presentala no momento de ser esixida pola Policía Local ou polo persoal municipal.

## Artigo 6. Características da autorización

1. As licenzas de ocupación da vía pública nos días sinalados serán expedidas pola Administración municipal, sendo da súa competencia única e exclusiva o outorgamento destas. Será competente para autorizar a venda nos lugares indicados nesta ordenanza unha resolución da Alcaldía, sen prexuízo de que se trate dunha competencia delegable, agás que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

As licenzas serán individuais e intransferibles, excepto no caso do/a cónxuxe, descendentes ou ascendentes ata o segundo grao, por causa de enfermidade grave ou falecemento do/a titular desta, logo de comunicación ao Concello e autorización pola Alcaldía, salvo a excepción do art. 6, apartado 3.

O prazo de vixencia da autorización será dun ano natural, computado desde o outorgamento, prorrogable por idénticos períodos, de manterse as circunstancias que motivaron a autorización. A renovación anual das autorizacións para a venda ambulante farase no período comprendido entre o 1 e o 31 de decembro.

2. As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias mediante un procedemento que garanta a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade do inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

O procedemento para o outorgamento da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria realizarase en réxime de concorrència competitiva. Se non fose procedente, por non ter que valorarse condicións especiais nas persoas solicitantes, mediante sorteo. O procedemento será público e a súa tramitación deberase desenvolver conforme criterios claros, sinxelos, obxectivos e predicibles. A convocatoria será pública e deberán estar presentes as persoas solicitantes no momento do sorteo. No caso contrario, o posto volverá sortearse. O sorteo realizarase entre todas as persoas solicitantes e elixiranse os postos por orde de acordo co resultado do sorteo. Crearase unha lista de agarda para todas aquelas persoas solicitantes que non obteñan posto. O Concello publicará a convocatoria polo menos dez días antes da adjudicación, mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal e/ou na páxina web do Concello. No caso de que, unha vez realizado o sorteo e esgotada a lista de agarda, resultasen postos vacantes, ou estes se orixinen por renuncia das súas persoas titulares, os postos adjudicaranse por orde de entrada das solicitudes no Rexistro xeral do Concello. Na resolución do procedemento fixaranse os requisitos da autorización, que terán que ser necesarios, proporcionais e non discriminatorios.

3. As licenzas poderánselles conceder tanto a persoas físicas como a persoas xurídicas, sexan sociedades mercantís ou cooperativas. Serán unicamente transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos nesta ordenanza, logo da comunicación á administración competente. A autorización é persoal. No caso de que o impedimento para o



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

exercicio da venda que autoriza a licenza municipal sexa temporal ou transitorio, a persoa titular, mantendo tal condición, poderá ser substituída, logo da autorización municipal, polos familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que o familiar proposto non sexa titular doutra autorización e que estea dado de alta na Seguridade Social, cando proceda, todo o cal deberá documentarse adecuadamente.

4. O Concello poderá comprobar e inspeccionar en todo momento os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da licenza concedida, notificándolles, se é o caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír infracción da lexislación de defensa da competencia. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo.

5. A autorización debe definir: o prazo de validez; o nome da persoa titular, o seu enderezo e datos de contacto (número de teléfono e/ou correo electrónico); o lugar ou lugares en que se pode exercer a actividade; os horarios e as datas en que se poderá levar a cabo, así como os produtos autorizados para a venda e o número de posto ou número da licenza, e un enderezo (postal e/ou electrónico) para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

6. A persoa titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

7. As autorizacións entenderanse concedidas en precario e poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello no caso de incumprimento da normativa ou desaparición das circunstancias que as motivaron, sen que tal feito dea orixe a indemnización ou compensación. Igualmente, revogarase a autorización pola interrupción no exercicio da actividade ou ocupación de oito mercados seguidos ou doce alternos no período dun ano, salvo causa debidamente xustificada.

### **Artigo 7. Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante**

1. Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo posuír a correspondente autorización municipal, que poderá ser revogada polo Concello por incumprimento dos requisitos esixidos nesta ordenanza e na normativa aplicable ao respecto.

Serán requisitos inescusables para a concesión da licenza de venda ambulante os seguintes:

a) Estar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e estar ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.

b) Estar de alta no imposto de actividades económicas no epígrafe correspondente á venda ambulante e estar ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.

c) Cumprir os requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

d) Posuír, de ser o caso, o certificado acreditativo de que recibiu formación en materia de manipulación de alimentos.

e) Estar ao corrente no pagamento dos tributos ou taxas de carácter municipal estipulados ou que se estipulen para o exercicio deste tipo de actividade nas ordenanzas correspondentes.

f) Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que sexan exixibles, de se tratar de persoas estranxeiras.

g) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o NIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización na súa representación.

h) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan ocasionar polos elementos do posto ou os derivados da actividade desenvolvida.

2. Os vendedores ou as vendedoras ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade, a obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor e cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que vendan.

3. As instalacións e maquinaria que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reunirán, en todo caso, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e presentación. Poderase ordenar a retirada das instalacións ou maquinaria que non reúnan esas características.

### **CAPITULO III. Competencias municipais**

#### **Artigo 8. Competencias do Concello**

Correspóndelle ao Concello, dentro do seu termo municipal:

1. Conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante, de acordo co establecido nesta ordenanza. As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento deberá garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade axeitada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso, de acordo co establecido no artigo 6.2 desta ordenanza.

2. Revogar ou anular a autorización concedida cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa concesión e segundo o disposto no art. 13 desta ordenanza.

3. Fixar na correspondente ordenanza fiscal as taxas para o exercicio da actividade no dominio público.

4. Establecer a localización, datas e horarios de desenvolvemento dos mercados do Concello, e a súa modificación e supresión.



5. Determinar os artigos dos que se autoriza a venda nos mercados que se desenvolvan no municipio, de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

6. Establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento do tránsito normal de vehículos e peóns, indicando as vías de circulación e os espazos de estacionamento, carga e descarga.

7. Establecer as condicións de vixilancia e control no desenvolvemento da feira ou mercado.

8. O Concello do Grove coidará de que os lugares destinados ao exercicio da venda ambulante se atopen en axeitadas condicións de limpeza e salubridade, debendo exercer o debido control hixiénico e sanitario, en especial dos produtos perecedoiros e de alimentación, de acordo coa lexislación e coas ordenanzas vixentes.

9. Impoñer as sancións correspondentes ás condutas constitutivas de infracción, segundo o establecido na presente ordenanza.

## CAPITULO IV. Autorizacións

### Artigo 9. Procedemento

A autorización para o exercicio da actividade deberá ser solicitada pola persoa interesada ou a súa representante debidamente autorizada, nun impreso normalizado, no prazo da convocatoria pública aberta polo Concello. A solicitude para a obtención dun posto poderá ser presentada no Rexistro xeral do Concello, desde as 9.00 ás 14.00 horas durante os dez días seguintes á publicación do anuncio da convocatoria, no Rexistro electrónico do Concello do Grove, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4. da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas. De presentarse as solicitudes por correo postal ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa entrega, a persoa interesada deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío da oficina de correos e anunciarlle o mesmo día ao Concello do Grove por fax (986 731 358), télex, telegrama ou correo electrónico [notifica@concellodogrove.es](mailto:notifica@concellodogrove.es) a remisión da solicitude. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a solicitude.

A solicitude achegará os seguintes datos e documentación:

a) Persoas físicas: nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do documento nacional de identidade e letra de identificación fiscal (NIF), ou do pasaporte en vigor, de ser o caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por un representante autorizado, debendo ademais achegar unha fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa e un poder ou autorización de representación.

b) Persoas xurídicas (empresas, cooperativas ou asociacións): deberán presentar, ademais do NIF, unha copia da escritura de constitución ou o código seguro de verificación, así como dos



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

estatutos que rexen o seu funcionamento, acompañando unha relación dos/as socios/as que van desenvolver a actividade comercial, con indicación dos seus datos persoais e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa ou entidade.

c) Declaración responsable, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos, que comprenderá os seguintes extremos:

1. No cumprimento dos requisitos establecidos, as persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asine a solicitude de autorización en representación da empresa.

2. Posuír a documentación que o/a acredite para exercer a actividade, reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos que sexan obxecto de venda e dispoñer, en caso de comercializar produtos alimenticios, do certificado acreditativo de que recibiu formación en materia de manipulación de alimentos.

3. Manter o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización e satisfacer ás taxas e/ou tributos fixados na ordenanza municipal correspondente.

4. Estar dado/a de alta na epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao día no pagamento da tarifa ou, en caso de estar exento/a, estar dado/a de alta no Censo de obrigados tributarios.

5. Estar dado/a de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotizacións.

6. Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que sexan exixibles, cando se trate de persoas estranxeiras.

7. Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante. A persoa titular da autorización de produtos de alimentación e herbodietética deberá adicionalmente cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria.

8. Declaración expresa de que a persoa solicitante coñece esta ordenanza.

9. Dispoñer de seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 150.000 euros, para responder de posibles danos a persoas ou bens a resultas da actividade autorizada.

10. Atoparse ao corrente no cumprimento do pagamento das taxas municipais.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore na declaración responsable, ou a non presentación desta declaración ou da documentación que sexa eventualmente requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de iniciar ou continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





d) Identificación, de ser o caso, da persoa ou persoas con relación laboral ou familiar que vaian colaborar no desenvolvemento da actividade.

e) Modalidade de venda ambulante para a que solicita autorización, con descrición da actividade, oficio e/ou produtos obxecto de venda.

f) Dimensións, expresadas en metros cadrados e metros lineais do espazo de ocupación que pretende, indicando, para estes efectos, se a venda se pretende realizar nun posto desmontable ou desde un vehículo ou furgón. Neste último caso, a matrícula, marca, modelo e cor do vehículo que se utiliza para a venda.

g) Un enderezo postal ou de correo electrónico da persoa titular para a recepción das posibles reclamacións das persoas usuarias.

h) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.

Se a solicitude ou a documentación presentada non fose correcta ou estivese incompleta, concederáse un prazo de dez días para a súa emenda, de acordo co que establece o art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O órgano competente para a concesión ou denegación da autorización é o alcalde, logo do informe do servizo municipal correspondente e despois do sorteo público nos termos do artigo 6, apartado 2, desta ordenanza.

## **Artigo 10. Outorgamento da autorización municipal**

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez recibida a documentación completa, concederáse provisionalmente a autorización. As persoas solicitantes deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles desde a recepción da comunicación da concesión provisional da autorización, a seguinte documentación, acompañada dos orixinais para o seu cotexo:

a) Dúas fotografías actuais da persoa solicitante tamaño carné.

b) O xustificante do pagamento das taxas municipais para o exercicio da venda ambulante no dominio público.

c) Unha copia do seguro de responsabilidade civil con vixencia durante o período para o que se solicita a autorización municipal, que garante a cobertura de calquera clase de risco que a maquinaria, instalacións ou produtos poidan orixinar.

d) A acreditación da circunstancia de estar dado/a de alta e ao día do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no Censo de obrigados tributarios, ou ben outorgarlle a autorización ao Concello do Grove para que verifique o seu cumprimento.

e) O/a interesado/a na ocupación da vía pública, para o exercicio corrente aboará a taxa en calidade de depósito previo pola totalidade do ano no momento da adxudicación. Quen solicite a ocupación ou renovación para o exercicio seguinte dentro do prazo fixado deberá comunicar o sistema de pagamento elixido e, se é o caso, o número de conta na entidade financeira. Para



efectos de liquidación do prezo público e para o cálculo deste teranse en conta os metros cadrados de cada posto. Poderán habilitarse os sistemas de pagamento que estime o Concello, incluíndo solucións de pagamento a través de entidades bancarias e, en xeral, todos aqueles medios axeitados e que poidan facilitar a xestión municipal, incluíndo as novas tecnoloxías.

f) Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que a persoa solicitante sexa estranxeira, deberá acompañar tamén unha fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo en vigor, segundo sexa non comunitaria ou comunitaria.

g) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios, deberase acompañar unha fotocopia do carné de manipulador/a de alimentos en vigor.

h) No caso de persoas xurídicas que exerzan a actividade mediante persoal con contrato laboral, presentaranse os RNT nos que deberán figurar as persoas que vaian exercer a actividade.

i) No caso de cooperativas, deberán comunicar a relación das persoas cooperativistas que exercerán a actividade, con indicación do posto outorgado, que deberán reunir os requisitos legalmente establecidos para o exercicio da venda ambulante. O Concello neste caso outorgaralle a licenza á persoa designada, que desde ese momento será titular individual da autorización, sen prexuízo de que as persoas usuarias ou o Concello lle poidan esixir responsabilidades de calquera tipo ao/á cooperativista titular a título individual ou á cooperativa solicitante.

2. De non presentar a documentación esixida no prazo concedido, non terá validez a autorización provisional previamente recoñecida.

3. Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía ditará unha resolución que lle adxudique os postos a cada solicitante, e trasladaralla aos servizos económicos para efectuaren as liquidacións das taxas da ocupación da vía pública polo período de tempo correspondente, así como a realización do correspondente padrón fiscal.

### **Artigo 11. Contido da autorización**

O Concello expediralle a cada comerciante ou vendedor/a ambulante a autorización nun documento normalizado (ou cartón de identificación), que deberá estar exposto nun lugar facilmente visible para o público e para os axentes da Policía Local (punto 4 do artigo 5), no que se farán constar os seguintes datos:

- Nome e apelidos ou denominación social.
- Fotografía tamaño carné da persoa titular.
- Prazo de vixencia da autorización.
- Modalidade de comercio ambulante autorizado.
- Dimensións e tipo de posto para instalar, e a súa situación no perímetro feiral.
- Horarios e datas nas que se poderá levar a cabo.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

- Produtos autorizados para a venda.
- Número de rexistro municipal outorgado á persoa titular da autorización.
- Condicións particulares ás que se suxeita a autorización da actividade, de ser o caso.
- Persoas autorizadas para a venda, cun máximo de dúas, xunto coas súas fotografías.
- Un enderezo postal ou correo electrónico da persoa titular para a recepción das posibles reclamacións dos/as usuarios/as.

As reclamacións da clientela, en caso de habelas, faranse no Concello, onde se lle facilitaran os datos da autorización dos/as comerciantes.

## **Artigo 12. Vixencia e transmisión da autorización**

Tal como se indica no punto 1 do artigo 6: “As autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación para a renovación, será do 1 ao 31 de decembro de cada ano”.

A autorización que se outorgue non dará lugar a un procedemento de renovación automática nin comportará ningún outro tipo de vantaxe para a persoa titular ou as persoas que estean especialmente vinculadas a esta.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

As autorizacións seranlles transferibles a outras persoas sempre que reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza para a súa concesión, sen que por razón da transmisión caiba a percepción de ningún tipo de emolumento. As transmisións estarán suxeitas ao pagamento da taxa fixada na correspondente ordenanza fiscal.

En ningún caso se lle poderán transferir as autorizacións a alguén que xa conte con outro posto no mercado.

Non se poderán facer a transmisión de postos que:

- Teñan débedas por non pagar a taxa correspondente.
- Se a persoa titular foi sancionada por unha infracción definida nesta ordenanza como moi grave.
- Teñan débedas por non pagar unha sanción imposta por unha infracción aos preceptos establecidos por esta ordenanza.

No caso de transmisión de postos adxudicados a cooperativas, a solicitude de transmisión deberá ser presentada pola persoa cooperativista á que se lle outorgase o posto.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

Dado que os postos son indivisibles, está prohibida a súa transmisión parcial.

Aquelas persoas interesadas en exercer a actividade ocasionalmente durante días illados deberán presentar a súa solicitude de acordo co establecido nesta ordenanza, polo menos quince días antes daquel no que se inicie a actividade.

### **Artigo 13. Extinción da autorización municipal**

1. Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta ordenanza, as autorizacións extínguense por:

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron.
- b) Non solicitar a renovación no prazo establecido para o efecto.
- c) Incumprimento do pagamento das taxas municipais correspondentes a dous períodos ou recibos consecutivos, dentro do prazo establecido para o efecto, durante o período de vixencia da licenza.
- d) Renuncia expresa e escrita da persoa titular.
- e) Perda dalgún dos requisitos establecidos no seu outorgamento.
- f) Non asistir a oito mercados semanais consecutivos ou doce alternos ao longo do ano, salvo causa xustificada que deberá comunicárselle do Concello, quedando ao criterio do órgano que outorgou a autorización. Para tal efecto, considérase falta ao mercado semanal a non asistencia no día de desenvolvemento deste.
- g) Falecemento da persoa titular no caso de persoa física; ou extinción da persoa xurídica, salvo o establecido no art. 6, apartado 3, para as substitucións logo da autorización municipal.
- h) Cometer algunha das infraccións contidas nesta ordenanza, tipificadas como infracción moi grave, ou reincidir na comisión dunha infracción grave.
- i) Polas causas de revogación contempladas na presente ordenanza.
- j) Supresión da modalidade de comercio de que se trate.
- k) Xubilación ou declaración de incapacidade da persoa titular.
- l) Causas de interese público sobrevidas, incluso antes da terminación do prazo polo que se outorgou a autorización.
- m) Falta de pagamento das sancións municipais que se impuxesen.
- n) Por resolución xudicial.
- ñ) Por causar danos na vía pública ou no mobiliario urbano.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

o) Pola comisión de infraccións administrativas en materia de protección da saúde das persoas consumidoras e aquelas que supoñan unha alteración, adulteración e fraude.

2. Salvo nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, correspondéndolle a súa resolución á Alcaldía. Todo expediente de extinción será sometido á información pública durante quince días mediante un anuncio que se publicará no taboleiro de edictos do Concello.

Neste caso, o Concello, logo da audiencia coa persoa interesado, disporá do posto e realizará unha nova adxudicación.

#### **Artigo 14. Renuncia voluntaria**

Entenderase que a persoa titular renuncia voluntariamente á súa autorización de venda ambulante cando se dea polo menos un dos seguintes supostos:

a) Non atender ao pagamento da taxa por ocupación de vía pública nos prazos establecidos legalmente.

b) Non solicitar a prórroga anual da autorización nin achegar a documentación necesaria para a súa tramitación.

c) A non ocupación do posto asignado durante un período de oito días de mercado seguidos ou doce alternos sen causa que o xustifique, nun período de doce meses.

Neste caso o Concello, logo dunha audiencia co interesado, disporá do posto e realizará unha nova adxudicación.

Aquelas persoas físicas ou xurídicas que perdesen a súa autorización por falta de pagamento das correspondentes taxas non poderán ser obxecto dunha nova adxudicación no prazo de dous anos, non cabendo tampouco no mesmo tempo que adquiran a titularidade dun posto no mercado por transmisión nin por calquera outro título.

### **CAPÍTULO V. Rexistro municipal de vendedores/as ambulantes**

#### **Artigo 15. Rexistro municipal**

1. Créase o Rexistro municipal de vendedores/as ambulantes, que será xestionado polos servizos municipais e a inscrición neste será consecuencia inmediata da concesión da autorización municipal correspondente para o exercicio da actividade, ou ben no momento da súa transmisión, partindo dos datos contidos na declaración responsable.

2. A inscrición das persoas titulares de autorizacións municipais de venda ambulante vixente ao tempo de posta en funcionamento deste rexistro faraa de oficio a autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aquelas; non obstante, estarán obrigadas a comunicar e acreditar os datos que se lles requiran para a efectiva inscrición no Rexistro,



sendo sancionados os incumprimentos non xustificados coa retirada da autorización municipal de venda ambulante.

3. Igualmente a inscrición no devandito rexistro de todo vendedor ou vendedora que cause nova alta na venda ambulante, farana de oficio os servizos municipais na materia.

4. Realizada a inscrición, expediráselle ao/á comerciante inscrito/a unha tarxeta ou documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante, cunha vixencia igual á vixencia da autorización.

5. O contido da tarxeta ou documento acreditativo deberá conter, como mínimo, os datos esixidos no artigo 3.3 do Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante.

## CAPÍTULO VI. Dereitos e obrigas

### Artigo 16. Dereitos das persoas titulares da autorización

1. As persoas autorizadas para o exercicio da venda ambulante, segundo o establecido nos artigos anteriores da presente ordenanza, terán dereito a exercela nos días e lugares autorizados, salvo que coa debida antelación o Concello lles comunique a súa imposibilidade por concorrer causas de interese público debidamente xustificadas. Sempre que sexa posible, o Concello habilitará outro lugar ou autorizará outras datas para que se desenvolva a actividade.

2. A ocupar o posto de venda que teñen autorizado.

3. A exercer pública e pacificamente, no horario e coas condicións establecidas, a actividade de venda autorizada.

4. No caso de supresión do posto de mercado, o ou a titular terá dereito preferente no novo lugar e a solicitar a ampliación da superficie asignada, sempre que sexa posible na nova localización.

5. A ser substituídas na titularidade dos posto logo da autorización do Concello e cumprindo os requisitos desta ordenanza.

6. A presentar cantas reclamacións e suxestións consideren oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses.

7. Dereito a promover e constituír asociacións que as representen.

### Artigo 17. Obrigas das persoas autorizadas

A autorización municipal implica as seguintes obrigas para o/a seu/súa titular:

a) En canto á venda:

1. Ter á vista a autorización formalizada polo Concello:



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

As persoas que exerzan o comercio ambulante deberán ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público e para a Policía Local o documento ou cartón de identificación no que conste a autorización municipal, ademais dos datos establecidos no artigo 11 desta ordenanza.

Este cartón deberá ser mostrado en calquera momento que lles fose requirido polos axentes da policía local ou autoridades inspectoras, no exercicio das súas funcións.

2. Respetar os horarios da feira ou mercado no que estea autorizado/a, aínda que esgote as mercadorías.

3. Ir á feira ou mercado, mantendo o posto con actividade e no lugar que teña asignado polo Concello, tendo que comunicarlle ao Concello a ausencia temporal xustificada.

4. Realizar a venda daqueles produtos para os que estea autorizado/a.

5. Cumprir a normativa de protección ao consumidor e da que regula cada tipo de venda, a de prezos e etiquetado e cumprir con todas as disposicións que emanen desta ordenanza.

6. Conservar a facturas e albarás de entrega da mercadoría posta á venda.

7. Ser respectuoso/a coa clientela, cos demais vendedores/as e cos axentes da autoridade encargados do control e vixilancia da feira ou mercado, así como dos operarios municipais que realicen tarefas de limpeza das instalacións. Atenderá os requirimentos do persoal municipal, Policía Local ou autoridades competentes.

8. Comunicarlle ao Rexistro municipal de vendedores ambulantes calquera modificación nos datos da autorización e comunicarlle ao Concello o cambio de enderezo para facilitar a comunicación das incidencias.

9. Os/as vendedores/as ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade con toda a normativa vixente na materia do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán ante a administración competente en cada caso, de que os produtos obxecto de venda cumpran as condicións os e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas. Non poderán ser en ningún caso obxecto de venda ambulante os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueloutros que, por razón da súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguranza. En todo caso, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do certificado acreditativo de que recibiu formación en materia de manipulación deles.

10. No desenvolvemento da súa actividade, o/a comerciante/a deberá observar o disposto na normativa vixente.

11. Os postos que expidan artigos no que sexa necesario o peso ou medida, deberán dispor dunha báscula ou metro regulamentario.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

12. Acatar as instrucións que imparta o Concello ou as persoas que este designe como responsables do control do funcionamento do mercado para o seu bo funcionamento.

13. Aqueles establecementos obrigados a iso deberán estar provistos das correspondentes follas de reclamacións e deberán expedir tickets ou facturas das vendas feitas.

14. Pagar a taxa de acordo coa ordenanza vixente en cada momento.

b) Con relación aos postos:

1. Non se poderá ocupar un espazo superior ao da superficie autorizada.

2. Deberán conservarse os postos, así como a superficie ocupada en perfecto estado de limpeza. Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontables ou transportables así como desde os vehículos, incluídos os vehículos-tenda. As vendedoras e os vendedores están obrigados a manter limpo e nas debidas condicións, durante todo o desenvolvemento do mercado, o espazo que lles fose asignado. Os refugallos e embalaxes, debidamente atados, serán depositados nos colectores correspondentes.

3. O espazo ocupado deberá quedar, tras a retirada do posto, libre de lixos.

4. Prohíbese o emprego de ancoraxes ou elementos que danen o pavimento ou a superficie sobre a que se coloquen os postos.

5. Manter aberto ao público o posto, debidamente atendido e abastecido.

6. Queda prohibida a utilización de megafonía para anunciar a venda.

7. Non poderán instalarse outros postos distintos dos especificados nesta ordenanza nin alterar as súas condicións estéticas ou de calidade.

c) Criterios de revogación ou extinción da autorización:

As autorizacións outorgadas poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello, sen dereito a indemnización ou compensación ningunha, nos seguintes supostos:

1. Por motivos de interese público debidamente xustificadas ou cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento.

2. Polo falseamento da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos na Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia e nesta ordenanza para o seu outorgamento.

3. Por incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos nesta ordenanza, así como na normativa aplicable, ou por vulneración dos seus preceptos. En caso de que a persoa titular tivese pechado o posto durante oito días de mercado seguidos, ou doce alternos (estes últimos nun período de doce meses), producirase a caducidade da autorización, logo da correspondente notificación, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.





## CAPÍTULO VII. INSPECCIÓN

### Artigo 18. Inspección

O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas coa venda ambulante.

Correspóndelle a Policía Local deste concello velar polo mantemento da orde pública e o cumprimento polas persoas usuarias destas normas, e das que se diten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e a sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente. As vendedoras e os vendedores estarán obrigados a facilitar a inspección das instalacións, subministrar toda clase de información, tanto verbal coma documental sobre estas, así como no relativo a produtos e servizos e, en xeral, a colaborar en cantas actuacións sexan precisas.

As persoas físicas ou xurídicas inspeccionadas estarán obrigadas, xa sexa a través das persoas titulares dos postos inspeccionados ou, na súa falla, a través das súas persoas empregadas, a requirimento do persoal que realice as actividades de inspección, a:

a) Facilitar a inspección do posto de venda e o exame dos documentos directamente relacionados coa vixilancia e comprobación do cumprimento das obrigacións legais relacionadas co establecido nesta ordenanza e nas demais leis de aplicación.

b) Fornecer toda clase de información sobre instalacións ou produtos.

c) Facilitar a obtención de copia ou reprodución da devandita documentación.

## CAPÍTULO VIII. Réxime sancionador

### Artigo 19. Procedemento

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza serán de aplicación os artigos 114 e seguintes da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas concordantes. Ademais, as infraccións e correspondentes sancións relatadas pola normativa referida nos artigos 102 e seguintes da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e no Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, tramitaranse e aplicaranse segundo os devanditos textos legais, así como nas normas que os desenvolven.



**Artigo 20. Infraccións**

O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador, que poderá iniciarse de oficio ou por denuncia. As faltas clasificaranse como leves, graves ou moi graves.

*A) Serán faltas leves:*

1. Producir ruídos, berros, empregar megáfonos ou altosfalantes ou música, sen autorización municipal.

2. Falta de aseo, ornato, limpeza e hixiene en vendedores/as, postos e ferramentas, e non deixar limpo e recollido á hora sinalada o lugar en que estivo instalado ou permitir que o lixo procedente da súa actividade durante o tempo que permanece instalado se disperse (polo vento ou por outros motivos) fóra do espazo asignado e non depositar o lixo nos correspondentes colectores.

3. A non retirada ou instalación do posto dentro do horario establecido.

4. Non respectar os horarios establecidos polo Concello para cada feira ou mercado.

5. Aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados, ou non gardar a distancia establecida entre postos.

6. A inobservancia das disposicións establecidas na Lei 13/2010, que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras, sempre que esta inobservancia sexa considerada como leve na citada lei.

7. En xeral, incumprir as obrigas establecidas na Lei 13/2010, que non sexan obxecto de sancións específica.

8. Non expoñer en lugar perfectamente visible e lexible o cartón de identificación ou documento de autorización municipal, ou non mostrar a requirimento dos axentes da autoridade a documentación pertinente.

9. Non ter á vista os prezos dos artigos postos á venda.

10. A colocación de mercadorías fóra do espazo asignado.

11. A venda de produtos distintos aos autorizados na licenza.

12. Calquera outra infracción ao disposto nesta ordenanza que non estea cualificada como grave ou moi grave.

*B) Serán faltas graves:*

1. A reincidencia na comisión de faltas leves. Entenderase por reiteración a comisión de máis de tres faltas leves no prazo dun ano, cando así sexa declarado por unha resolución que poña fin ao procedemento administrativo.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

2. Practicar a venda fóra dos perímetros autorizados.
3. Practicar a venda ou instalar o posto nun lugar distinto do asignado.
4. Practicar a venda fóra dos días e dos horarios establecidos.
5. Practicar a venda calquera persoa non autorizada, ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos na Lei 13/2010, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.
6. A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.
7. A desobediencia aos mandatos ou ordes do Concello por medio de calquera dos seus membros, axentes ou funcionarios competentes nesta materia.
8. Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.
9. Esixir prezos superiores a aqueles que tivesen indicados.
10. Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicitase de conformidade coa normativa aplicable e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade.
11. A falta da envoltura regulamentaria dos artigos alimenticios á venda.
12. Non acreditar mediante a factura ou un documento similar a procedencia das mercadorías de seren requiridos para iso.
13. Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e elementos desta.
18. Provocar alteracións da orde pública, ou instar a terceiras persoas con esa mesma finalidade.
14. O acceso ou estacionamento de vehículos das persoas vendedoras nas zonas destinadas ao mercado, fóra dos horarios establecidos ou permitidos.
15. Non pagar as taxas correspondentes (dúas consecutivas).
16. A non comunicación ao Concello do cambio de domicilio.
17. Non acreditar as cotizacións ao Réxime da Seguridade Social correspondente cando o Concello o demande.
18. Non ter recollido o posto antes das 15:30 horas.
19. As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos.
20. A ocupación do dominio público con módulos ou vehículos cando non estea expresamente autorizado.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

*C) Serán faltas moi graves:*

1. A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase por tal a comisión de máis de tres faltas leves no prazo dun ano, cando así sexa declarado por unha resolución que poña fin ao procedemento administrativo.

2. Negarse ou resistirse a subministraren datos ou a facilitar a información requirida pola Policía Local, polas autoridades ou funcionarios e aos axentes da Administración no exercicio das súas funcións de inspección, tramitación, de comprobación e execución que lles correspondan, cando se efectuase a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión, así como a subministración de información inexacta ou documentación falsa.

3. Cometer infraccións en materia sanitaria e de consumo.

4. O exercicio da venda ambulante sen autorización ou con ela caducada.

5. A venda de produtos en mal estado que lle poidan causar dano á saúde.

6. Non estar dado/a de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

7. Non estar dado/a de alta no imposto de actividades económicas estando obrigado/a a iso, ou non estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.

8. Cometer as infraccións cualificadas como graves, sempre que supuxesen unha facturación, afectada pola infracción, superior a un millón de euros.

9. Desobediencia clara e ostensible ás ordes ou indicacións dadas polas forzas e corpos de seguridade no exercicio das súas funcións.

10. Desacato, resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, aos seus axentes ou funcionarios, que se atopen no cumprimento das súas funcións de control, investigación e xestión,

11. A venda de produtos que vulneren as leis de propiedade intelectual e industrial.

12. O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.

A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas no RD legislativo 1/2007, do 16 de novembro, xeral para a defensa de consumidores e usuarios e na Lei galega 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral de consumidores e usuarios, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos devanditos textos legais, así como nas normas que os desenvolven.

**Artigo 21. Sancións. As sancións que se aplicarán serán as que seguen:**

*Por faltas leves:* peche do posto correspondente durante o seguinte día de mercado e multa de 100 ata 300 euros.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

*Por faltas graves:* peche do posto correspondente durante os seguintes catro días de mercado e multa de 301 ata 600 euros.

*Por faltas moi graves:*

a) Peche do posto correspondente durante o seguinte ano natural de mercado e multa de 601 ata 1.500 de euros.

b) Revogación da autorización sen indemnización.

Sen prexuízo da correspondente sanción, será causa suficiente para a revogación da licenza a comisión, entre outras, das seguintes faltas:

a) Venda de produtos non autorizados.

b) Discusións ou altercados con perturbación da orde pública.

c) Transmisibilidade da licenza contravindo o réxime previsto na presente ordenanza.

d) Os supostos previstos no artigo 14 do presente regulamento como de renuncia voluntaria.

e) Desacato, resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, aos seus axentes ou funcionarios, que se atopen no cumprimento das súas funcións de control, investigación e xestión.

As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios: reincidencia, transcendencia social da infracción, volume de facturación ao que afecten, contía do beneficio obtido, grao de intencionalidade e natureza dos prexuízos causados.

Cando a autorización sexa revogada a consecuencia de infraccións moi graves, o/a seu/súa titular non poderá obter autorización ningunha durante o prazo dun ano para o exercicio da actividade no municipio do Grove, sen dereito a reserva do posto.

A Alcaldía poderá acordar, como sanción accesoria, o comiso das mercadorías adulteradas, deterioradas, falsificadas, fraudulentas, non identificadas, que entrañan risco para as persoas consumidoras ou que incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización; así como nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos. Os gastos de transporte, distribución, destrución, etc. da mercadoría sinalada no parágrafo anterior serán por conta da persoa infractora.

O exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen autorización municipal dará lugar á retirada das instalacións, elementos e xéneros neles situados e presumirase que tal autorización non existe de non presentarse a correspondente autorización no momento de ser esixida polos axentes municipais.

### **Artigo 23. Retirada ou comiso de mercadorías**

No caso de reiterada pretensión dalgunha persoa vendedora de exercer a actividade sen a correspondente licenza, poderá serlle retirada a mercadoría sen dereito a indemnización.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

Esta medida terá carácter cautelar, e garantirá a efectividade do cobramento das sancións que correspondan.

Igualmente, cando se atopen á venda produtos que vulneren a normativa sobre propiedade industrial ou intelectual, poderá procederse ao comiso das mercadorías, formalizando a denuncia ante a autoridade competente, e á aseguranza da mercadoría como proba da infracción cometida.

Para o caso de que se estea realizando a venda ambulante desde vehículos na vía pública ou en espazos de uso ou dominio público á que se refire o artigo 23 desta ordenanza, o Concello, a través da Policía Local, de oficio ou a instancia de parte, poderá ordenar a retirada do vehículo e o seu traslado ata o lugar habilitado para o efecto como depósito, tendo dereito a percibir por este servizo de retirada, traslado e depósito a taxa de 75 euros pola retirada e 2 euros por cada día de depósito, que deberá ser aboada como requisito previo á devolución do vehículo ao/á seu/súa titular.

## **CAPITULO IX. Réxime e condicións específicas do exercicio da venda ambulante**

### **Artigo 24. Modalidades**

As feiras e mercados que se realizan no concello do Grove son:

#### *MERCADOS OCASIONAIS*

1. A Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a no que se delegue poderá autorizar a instalación de mercados ocasionais en festas populares e outras feiras ocasionais ou de produtos tradicionais, artesanía, etc. en datas e para un período de tempo determinado. Na resolución de autorización fixaranse a localización dos mercados, produtos permitidos para a venda, normas de funcionamento e condicións da autorización.

2. O mesmo órgano e nas condicións que se establezan, poderá autorizar mercados ocasionais e para a venda ou mostra de obxectos dunha determinada clase na realización de mercados especializados para colectivos determinados.

3. A concesión de autorizacións nas festividades sinaladas realizarase de acordo cos seguintes criterios de preferencia:

a. Autorizados polo Concello para a venda ambulante dentro do mesmo obxecto de venda, o 40% da superficie.

b. Resto de solicitantes no mercado correspondente, o 60% restante.

4. Para participar nestes mercados requirirase acreditar coa solicitude o cumprimento dos requisitos aos que se refire o artigo 7. As persoas autorizadas para a venda ambulante bastará con que presenten a súa autorización en vigor.



5. Antes da instalación do posto, as persoas autorizadas deberán aboar a taxa que fixe a ordenanza fiscal en vigor, condición de eficacia da autorización.

6. A asignación de espazos realizarase en primeiro lugar a elección das persoas vendedoras con autorización para venda ambulante por orde de sorteo. O resto, por sorteo, entre os postos que queden libres.

7. A modalidade de venda itinerante só poderá ser exercida desde vehículo-furgoneta e sen posto fixo, axustándose ás seguintes características e supostos:

1º. Os vehículos deberán dispor de cámara frigorífica en debidas condicións cando os artigos obxecto de venda autorizada requiran determinadas condicións de frío ou refrixeración.

2º. A venda limitarase ao ámbito xeográfico ou perímetro do municipio que se sinale no respectivo permiso.

3º. A autorización municipal de venda, a súa renovación e o pagamento das taxas que correspondan terán vixencia unicamente para o período de tempo para o que estea autorizado o mercado e no permiso indicarse o que corresponda en cada caso.

4º. O vendedor ou a vendedora deberá dispor dunha autorización, que exhibirá en lugar perfectamente visible, na que se determinarán os artigos que pode vender, o ámbito xeográfico da venda e o prazo durante o que se poderá exercer.

Este tipo de mercados poderaos organizar o Concello do Grove, de xeito periódico ou esporádico como unha maneira de fomentar o turismo do Concello, ou para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca. No devandito acordo fixarase: a localización das feiras, os días e o horario de desenvolvemento destas, os produtos autorizados, as condicións específicas dos postos (se fosen esixibles), as especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións (tales como a vixencia desta), o prazo de solicitude, as persoas recollidas na súa vixencia e a taxa municipal correspondente. Deberán garantir a recollida do lixo que xeren e os demais requisitos recollidos nesta ordenanza.

### *MERCADO SEMANAL*

Terá lugar no concello do Grove como un xeito de desenvolvemento da comunidade, de dinamizar a produción da comarca e de estimular o intercambio económico, mantendo esta forma de comercio tradicional.

#### *1. LOCALIZACIÓN:*

1º. A venda ambulante só queda autorizada nos lugares e nas datas que se determinen por un acordo da Xunta de Goberno Local, e estará suxeita á preceptiva licenza municipal.

2º. A zona destinada á actividade de venda ambulante será o espazo que o interese municipal determine en cada momento.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

3º. O mercado ambulante municipal actualmente situarase na contorna da praza do Corgo, no tramo de vía existente entre a rotonda das Garzas (rúa Beiramar) e as inmediacións da rotonda do Monumento á Familia Mariscadora, sen prexuízo do disposto no seguinte apartado.

4º. O Concello poderá modificar a localización do mercado por causa de forza maior ou para conxugar distintos intereses, mediante unha resolución da Alcaldía ou, de ser o caso, por un acordo da Xunta de Goberno Local. O recinto deberá reunir as condicións de limpeza, hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e ser de doado acceso para as persoas vendedoras e compradoras.

5º. O Concello, por causa de interese xeral, e logo do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións desta ordenanza dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro lugar, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sen que iso dea lugar a indemnización ningunha. A alteración dos lugares de venda ou do día da desenvolvemento do mercado, polas causas anteriormente citadas, adoptarase mediante un acordo previo e motivado da Xunta de Goberno Local.

6º. Os postos de venda instalaranse no espazo delimitado polo Concello, deixando libre os accesos a edificios de uso público, establecementos industriais ou comerciais, o espazo diante dos escaparates ou exposicións, e de xeito que non se dificulten tales accesos á circulación peonil.

7º. Por causa xustificada e durante o desenvolvemento dun mercado, os axentes da Policía Local encargados da vixilancia e funcionamento deste, no exercicio das funcións que teñan encomendadas, poderán modificar ou cambiar a situación dun ou varios postos do mercado sen comunicación previa.

8º. Unha vez transcorrido o horario de montaxe dos postos, queda prohibida a permanencia ou entrada de calquera vehículo no recinto do mercado, salvo días de temporal ou forza maior. Esta prohibición non afecta aos vehículos-tenda ou a aqueloutros vehículos que son necesarios para a realización da venda ambulante, que, en todo caso, requiriran a autorización previa do Concello.

## 2. DATAS:

Os días de mercado serán todos os venres do ano, a excepción daqueles que por coincidiren con actos ou actividades de grande afluencia de persoas, ou aqueles nos que o Concello estime a conveniencia de que non se faga. Neste caso, a comunicación ás persoas vendedoras ambulantes farase cun mínimo de sete días de antelación. Con carácter xeral, o mercado terá lugar os venres de cada semana, anticipándose ao día anterior cando o venres fose festivo ou ao seu precedente, se ese día tamén fose festivo.





Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

### 3. HORARIO:

1º. Descarga e instalación: o horario de descarga e instalación será de as 7:30 ata as 9:30 h. Queda prohibida a entrada fóra do horario indicado, así como a instalación do posto nun sitio distinto ao asignado. Está prohibido tamén instalar o posto nun sitio non asignado ou asignado a outro vendedor ou vendedora, aínda que se atope baleiro. Unha vez finalizada a operación de descarga de mercadorías, non poderá permanecer no interior do recinto ningún vehículo a partir das 9.30 h, excepto os autorizados.

2º. Actividade comercial: de 9.00 a 14.00 h. Nos meses de xullo e agosto, o horario de actividade comercial dos postos prolongarase unha hora máis (de 8.30 a 14.30 h).

3º. Carga e recollida dos postos: antes das 15.00 h. Todas aquelas persoas vendedoras que non tivesen levantado o seu posto ás 15.30 h serán denunciadas pola Policía Local e os seus vehículos retirados polo guindastre.

### 4. VENDEDORES/AS:

1º. Para o exercicio da venda ambulante no mercado municipal do Grove será indispensable a autorización municipal para a instalación e a utilización dos postos, coa finalidade que se lles asigne e cos límites e contidos que se fixen na devandita autorización e nesta ordenanza.

2º. O exercicio da venda ambulante na vía pública sen a preceptiva autorización municipal dará lugar, despois das comprobacións que procedan, á retirada do posto e ao depósito deste e dos produtos que nel se atopen á venda nas dependencias municipais, que poderán retirarse logo do aboamento dos correspondentes gastos de traslado e custodia de acordo co establecido no artigo 5, apartado 3.

3º. A actividade deberá exercerse persoalmente pola persoa titular, se ben a autorización habilitará tamén ao seu cónxuxe, aos descendentes directos maiores de 16 anos (sempre que estean dados de alta na Seguridade Social) e ás persoas vinculadas a esta mediante un contrato laboral.

### 5. SUBSTITUCIÓN:

1º. A persoa titular da autorización poderá ser substituída por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, logo da xustificación documental e da autorización municipal:

a) Un mes en caso de matrimonio.

b) En caso de nacemento dun fillo/a, enfermidade grave, falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, tamén por desprazamentos polos motivos anteriores. En todos os casos anteriores atenderase aos prazos e ás datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.

c) Para realizar funcións sindicais ou de representación os prazos serán os que fixe a lexislación vixente.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

- d) Maternidade ou paternidade (conciliación da vida familiar e laboral).
- e) Exercicio de cargo público representativo.
- f) Privación da liberdade mentres non exista sentenza condenatoria.
- g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto da licenza.
- h) O tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.
- i) Para permitir o gozo de vacacións pola persoa titular por un período máximo dun mes ao ano natural.
- j) Por un período de ata tres meses para permitir viaxes aos seus países de orixe das persoas inmigrantes estranxeiras como medida de conciliación da vida laboral e familiar destas. Neste suposto deberán acreditar documentalmente a viaxe realizada.

2º. A persoa substituta deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Cumprir con todos os requisitos que se esixen polo presente regulamento e pola normativa xeral para o exercicio da venda ambulante.
- b) Non ser titular no mercado doutro posto de venda ambulante.
- c) A substitución será unicamente para o mesmo posto e para o exercicio da mesma actividade.

## 6. POSTOS:

1º. Dimensións máximas: serán as establecidas en cada licenza ou a dimensión do vehículo autorizado.

2º. A estrutura debe ser metálica, facilmente desmontable e transportable, que reúna as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, cunha cobertura de lona ou toldo impermeable de cores neutras ou en instalacións que terán unhas condicións axeitadas ás características da autorización.

3º. Deberá garantirse a axeitada seguridade da estrutura e demais elementos dos postos. O Concello resérvase a posibilidade de exercer a inspección destes, así como de ditar as oportunas medidas correctoras, incluíndo, de ser o caso, o seu desmorte por motivos de seguridade.

4º. Prohíbese o emprego de ancoraxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos.

5º. Debe ter unha tarima cunha altura mínima, contada desde o chan, de 0,60 m.

6º. Deben ter un receptáculo con tapadeira dentro do posto para verter os residuos xerados na actividade do comercio.

7º. Os postos teñen que estar en boas condicións de aseo e hixiene.



8º. O número e localización dos postos aprobarase mediante unha resolución da Alcaldía que determinará, en función das circunstancias concorrentes en cada momento, o aumento ou supresión dos postos existentes ou a súa modificación.

9º. As persoas titulares dos postos ocuparán exclusivamente o espazo que teñen destinado, sen que poidan ocupar os postos que queden baleiros por outra persoa vendedora.

10º. A mercadoría atoparase sempre dentro da superficie do posto. Queda terminantemente prohibido o seu almacenamento en envases ou embalaxes fóra do posto. En todo caso, a persoa vendedora extremará a limpeza na zona de venda e deixará limpo e recollido á hora sinalada o lugar en que estea instalada. Tampouco permitirá que o lixo da súa actividade durante o tempo que permaneza instalado o posto se disperse (polo vento ou por outros motivos) fóra do seu espazo.

11º. En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarrúas que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais, en accesos a edificios públicos ou privados, nin en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

12º. Queda expresamente prohibida a exposición de mercadorías no chan, excepto mobles, maquinaria agrícola, plantas ou calquera outro elemento que pola súa natureza poida ser autorizada pola Alcaldía ou a concellería delegada.

13º. Os comerciantes terán exposta a licenza nun lugar visible do posto e perfectamente visible para a Policía Local e para o público, polo que se presumirá que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixida polos axentes municipais.

14º. Os postos no chan terán una anchura máxima de 3 metros, que poderán ser ocupados por mercadorías. Para protexerse das inclemencias meteorolóxicas, poderán contar cun beirado do teito na súa parte dianteira sen que lles moleste aos/ás demais comerciantes, que non poderán ser ocupados con xénero, e en ningún caso poderán exceder das superficie en planta de 3 metros. A altura dos beirados será dun mínimo de 1,90 m.

15º. Entre os postos deberá haber unha anchura mínima de 3 metros, para permitir o tráfico de vehículos dos propios vendedores.

## 7. PRODUTOS AUTORIZADOS:

1º. Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos de téxtil, de artesanía, artigos de coiro ou pel, bixutería, marroquinería, calzado, cestería, confección, droguería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética, perfumería, libros, aparellos de radio, CD, DVD, plantas, sementes, ferramenta e maquinaria agrícola, xoguetes, árbores e outros análogos, así como calquera outros produtos nos que a súa venda en réxime de venda ambulante estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica.

2º. Os/as agricultores/as poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas sen xustificaren a alta no imposto de actividades económicas a nin



afiliación á Seguridade Social, coa manifestación previa de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción, que será comprobado (non se permite a venda de produtos fóra de temporada). A Administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e a afiliación á Seguridade Social cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada ao consumo familiar, por considerar o vendedor como un intermediario.

3º. Consonte establece o artigo 74 da Lei 13/2010, de 17 de decembro de comercio interior de Galicia, en ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueles outros que, en razón a súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade.

4º. En todo caso, non se poderán vender alimentos ou outros produtos alimentarios non envasados porque carezan do certificado acreditativo de que recibiron formación en materia de manipulación destes.

5º. Os produtos frescos que se venden deberán estar en perfectas condicións hixiénicas e de calidade, sen que poidan ocasionarse riscos para a saúde ou seguridade das persoas consumidoras.

Os utensilios que se utilicen para a venda de produtos alimenticios, sen envasar, así como os mostradores, deberán estar en perfectas condicións hixiénicas.

6º. O Concello determinará, dentro dos lugares sinalados, os produtos obxecto de comercialización.

7º. As persoas titulares de autorización de venda non poderán vender produtos diferentes aos expresamente autorizados e fóra da zona concedida. Calquera modificación ao respecto requirirá unha autorización municipal.

8º. Para os efectos desta norma, prohibese a venda de vehículos realizada fóra dun establecemento comercial permanente, na vía pública ou en espazos de uso ou dominio público, xeralmente en zonas de gran concorrencia de público.

Pola contra, non terá tal consideración a venda de vehículos efectuada a título particular e illadamente por parte do/a seu/súa titular, entendendo por tal, aquel/a que figure con esta condición no permiso de circulación, que pretenda anunciarse na vía pública ou en espazos de uso e dominio público mediante a colocación de anuncios visibles en tales vehículos.

Non obstante, na medida que comporta un uso especial do dominio público, estará suxeita á autorización municipal previa, que deberá solicitar a persoa propietaria do vehículo, acreditando tal condición acompañando a copia compulsada do permiso de circulación. Unha vez concedida tal autorización, que terá unha duración de seis meses, esta deberá ser exhibida nun lugar visible dentro do propio vehículo. A inexistencia de tal autorización ou da súa exhibición dentro do vehículo permitirá a adopción das medidas cautelares e sancionadoras previstas nesta ordenanza e especialmente a estipulada no artigo 19 desta ordenanza.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

9º. Prohíbese a venda ambulante fóra da zona autorizada de peixe, marisco, produtos cárnicos e calquera outros para os que legal ou regulamentariamente estea prohibida esta modalidade de venda, tanto no núcleo urbano como nos núcleos rurais periféricos.

10º. As instalacións e/ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios cumprirán os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario, e as que esixa o organismo titular da estrada na que se sitúen.

#### *8. CONDICIÓN DE VENDA DOS PRODUTOS:*

1º. Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos, que deberán estar correctamente etiquetados e marcados co prezo correspondente.

2º. Os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e hixiene, especialmente cando se trate de produtos perecedoiros.

3º. Os alimentos cumprirán a normativa sanitaria esixida para cada un deles, sendo indispensable que se presenten etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa. Todos os alimentos deberán estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade evitando a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e a choiva. Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 60 Cm.

Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a venda protexidos mediante recipientes ou vitrinas que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizaranse utensilios adecuados.

4º. A autoridade municipal poderá comisar os produtos que non cumprisen tales condicións e, baixo a consideración de falta moi grave, abrirelle o oportuno expediente sancionador ao responsable da venda.

Nos supostos en que sexa previsible o comiso dos produtos, poderase proceder á intervención preventiva destes.

#### *9. PRODUTOS DE VENDA EXPRESAMENTE PROHIBIDA:*

1º. Material escolar e papelería en xeral, animais vivos, carnes, aves e cazas frescas, refrixeradas ou conxeladas, peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificado e leite pasteurizado, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como aquel outros produtos que supoñan risco sanitario polas súas especiais características a xuízo das autoridades competentes.

2º. Queixo e pastelería, semiconservas, herbas medicinais, óptica e, en xeral, todo produto de alimentación así como calquera outras substancias de tal carácter e actividades sometidas ao



procedemento de avaliación de incidencia ambiental segundo o previsto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

3º. En supostos excepcionais poderá autorizarse a venda dos produtos aos que se refire este artigo cando se dispoña de instalacións frigoríficas ou os produtos estean debidamente envasados, reunindo as condicións de hixiene, sanidade, calidade e seguridade alimentaria, estipuladas nas disposicións vixentes, ademais de contar co informe favorable da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ou dun organismo competente. Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademais das condicións xerais que a presente ordenanza, establece para todos os postos de venda, aqueles nos que se expendan produtos alimenticios deberán reunir as condicións hixiénico-sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións.

4º. As autoridades sanitarias poderán prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública así o aconsellen; en todo caso, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do certificado acreditativo de que recibiu formación en materia de manipulación destes.

5º. Queda prohibida a venda de produtos que non cumpran ou vulneren a lexislación sobre propiedade industrial ou intelectual, así como aqueloutros cuxa venda estea prohibida pola lexislación vixente nese momento.

#### *10. MERCADOS DE FLORES E PALMAS:*

1º. O mercado anual de flores, desenvolverase nas datas de Defuntos e o venres previo ao día de Ramos, como tradicionalmente se vén facendo, nos termos e condicións seguintes:

Mediante solicitude previa, formalizada cada ano nas datas próximas á celebración de Defuntos e Semana Santa, dos/as vendedores/as ambulantes do sector, con autorización da Xunta de Goberno Local.

2º. Estarán autorizados para exercer a venda ambulante de flores e palmas neste mercado anual:

a) Os concesionarios/as autorizados que veñen desenvolvendo esta actividade de venda de flores nos mercados semanais.

b) As/os campesiñas/os autorizadas/os para a venda doutros produtos de colleita propia nas bancadas interiores nos mercados semanais, logo da solicitude e da autorización municipal específica para a venda de flores (de plantación propia).

c) As florerías concesionarias de postos fixos exteriores que así o soliciten e obteñan a autorización específica para o exercicio desta venda nos lugares habilitados polo Concello.

d) As persoas produtoras de palmas autorizadas.



Luns, 12 de xuño de 2023

Núm. 112

3º. A instalación dos postos para a venda das flores e palmas unicamente se poderá facer nos sitios asignados a cada vendedor/a debaixo dos soportais existentes no edificio da praza de abastos ou no lugar designado para tal fin polo Concello.

#### *Disposición transitoria*

Os/as comerciantes ambulantes que veñen exercendo este tipo de venda no momento de entrada en vigor desta ordenanza, e que reúnan os requisitos nela establecidos, conservarán o sitio en que se veñen instalando ou ben poderán escoller un posto vacante logo do sorteo de adxudicación. No caso de existiren varias persoas interesadas nunha mesma localización, sortearase esta entre elas, pero deben obter a preceptiva licenza municipal no prazo dun mes contado desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non obter a licenza no prazo indicado, non poderán participar no sorteo destes postos.

#### *Disposición adicional*

Para o non disposto nesta ordenanza estarase ao establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación.

Quedan excluídos do ámbito desta ordenanza a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente.

No caso de comiso ou intervención cautelar de mercadorías, así como nos supostos de retirada e/ou intervención de instalacións, elementos e xéneros polos axentes da Policía Local, segundo o establecido nesta ordenanza, depositaranse estes no lugar que se determine. Os produtos intervídos deberán destruírse en caso de que a súa utilización ou consumo constitúa un perigo para a saúde pública, ou cando incumpran os requisitos mínimos establecidos para a súa comercialización. As persoas interesadas poderán recuperar os elementos retirados, que non deban ser destruídos, no prazo de 15 días, logo de aboar o importe das taxas e os demais gastos orixinados por tal retirada no importe fixado na correspondente ordenanza fiscal, sen prexuízo da sanción correspondente. Transcorrido o prazo anteriormente sinalado desde a súa intervención sen comparecer a persoa titular para facerse cargo destes, entenderase que desiste no seu interese e titularidade, e poderanse destruír ou darlles outro destino que se considere, sen posibilidade de reclamación ou indemnización ningunha.

#### *Disposición final*

A presente ordenanza aprobada polo Pleno do Concello entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### *Disposición derogatoria*

A partir da entrada en vigor do presente texto, quedan derogadas cantas resolucións e acordos municipais se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles con el.

